

CORRECCIÓN DE ERROS. Instrución 2/2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se concretan prazos e aspectos do procedemento para as reclamacións finais nas etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato para o curso 2024/25

Advertido erros na Instrución 2/2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se concretan prazos e aspectos do procedemento para as reclamacións finais nas etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato para o curso 2024/25, é necesario modificar o seguinte:

No primeiro parágrafo do punto Segundo. *Solicitud nas etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e 1º curso de bacharelato* onde di:

“1. No caso de presentación de solicitudes de revisión ante a dirección do centro das cualificacións finais e/ou, de ser o caso, das decisións de promoción e/ou titulación, nas etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e convocatoria extraordinaria de 1º curso de bacharelato, establécese a data límite do 30 de xuño para cumprir o prazo máximo de dous días hábiles desde o día seguinte á comunicación da cualificación final ou da decisión de promoción ou titulación. Para estes efectos, a comunicación considerárase realizada na data de entrega dos boletíns de avaliación final impresos ou, de ser o caso, a través da aplicación Abalarmóbil.”

Debe dicir:

“1. Nos centros docentes sostidos con fondos públicos, no caso de presentación de solicitudes de revisión ante a dirección do centro das cualificacións finais e/ou, de ser o caso, das decisións de promoción e/ou titulación, nas etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e convocatoria extraordinaria de 1º curso de bacharelato, establécese a data límite do 30 de xuño para cumprir o prazo máximo de dous días hábiles desde o día seguinte á comunicación da cualificación final ou da decisión de promoción ou titulación. Para estes efectos, a comunicación considerárase realizada na data de entrega dos boletíns de avaliación final impresos ou, de ser o caso, a través da aplicación Abalarmóbil.”

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

